

# GUÍA PRÁCTICA DAS ELECCIÓNS PRIMARIAS

## QUE SE ELIXE?

Nesta fase elixiremos ás persoas que ocuparán os postos do 2 ao 11 da lista electoral de Ames Novo, e nas eleccións municipais de 2019

## QUEN PODE VOTAR?

Todas as persoas maiores de 16 anos que ou ben estean empadroadas ou residan en Ames, ou que teñan calquera tipo de interese en Ames (propiedades, negocios, posto de traballo...) que antes das 24:00 do día 17 de febreiro teñan asinado o manifesto da Iniciativa Cidadá.

## QUEN PODE SER CANDIDATO NAS PRIMARIAS?

Calquera persoa que poida ser candidata nas eleccións municipais, de acordo coa lei electoral e que cumpra os seguintes requisitos:

⇧ Ter asinado o Manifesto da Iniciativa Cidadá

⇧ Asinar o compromiso de Código de Ética Política da Iniciativa Cidadá Ames Novo

⇧ Recibir o apoio de 20 persoas das inscritas como membros da Asemblea Cidadá (asinantes do manifesto), de acordo coa lista publicada en [prazadeames.com](http://prazadeames.com)

Pode unha persoa presentar a súa candidatura con un maior número de apoios?

Non. A esixencia de 20 apoios non é un mínimo, senón un número pechado. Deste xeito se intenta evitar a diferenza na posición de partida entre un/ha candidata/o con, por exemplo, 200 apoios e outra con só os 10 requeridos.

Pode un membro da Asemblea avalar a todas as persoas que se candidatan?

Non. Cada membro do censo electoral de Ames Novo só pode avalar a un máximo de 8 candidatas.

## QUEN CONTROLA O PROCESO?

Unha Comisión Electoral avalada pola Asemblea Cidadá. A esta Comisión compéttelle recibir as candidaturas, analizar que cumpren os requisitos e publicar a listaxe de persoas que se candidatan coa súa foto. Tamén é da súa competencia facilitar os medios dispoñíbeis para que todas as persoas que concorren ás primarias teñan acceso a eles en condicións iguais e organizar as xornadas de votación. Finalmente será a encargada de facer público o escrutinio.

## COMO SE VOTA?

Haberá unha ou varias urnas para a votación física. Esta(s) urna(s) será(n) levada(s) e custodiada(s) pola comisión electoral aos lugares que esta determine nos horarios que se farán públicos.

## CAL É A MECÁNICA DO VOTO?

Haberá unha papeleta única na que estarán listadas todas as persoas que optan ao posto, ordenadas alfabeticamente a partir da letra que se determine por sorteo.

Cada votante marcará nesa papeleta terá que marcar un mínimo de 4 candidatas e un máximo de 8.

## CAL É O CALENDARIO DESTE PROCESO DE PRIMARIAS CIDADÁS?

Luns 11. Constitución da Comisión Electoral

Domingo 17. Péchase o prazo para inscribirse no censo electoral (asinantes do manifesto)

Lun 18 ata luns 25. Prazo para a presentación de candidaturas.

Martes 26 ata as 14:00 do xoves 28. Prazo de alegacións

Xoves 28. Proclamación de candidatas

Venres 1 de marzo. Publicación da listaxe definitiva. Inicio da campaña das persoas candidatas

8, 9 e 10 de marzo Votación en urnas